



HAI 2.000 EXEMPLARES AFECTADOS NO CONCELLO DE LUGO

Piden auditar as árbores do Miño para salvarlas da tala

Adega solicita que os carballos, castiñeiros e alisos sexan catalogados como patrimonio natural

REDACCIÓN

GALICIA

galicia@xornaldegalicia.com

A asociación ecoloxista Adega pediu onte á Xunta de Galicia que faga unha auditoría das árbores das marxes do río Miño para que poidan ser catalogadas como patrimonio natural, e así evitar que sexan taladas por culpa das obras da autovía A-54. En total, vense afectados polos traballos de construción desta nova infraestrutura uns 2.000 exemplares, entre os que hai chopos, carballos, castiñeiros e alisos, todos eles especies propias da comunidade autónoma.

Un dos voceiros da organización, Luis Toirán, explicou onte que xa trasladaron esta petición ás consellerías de Medio Rural e Medio Ambiente. Así mesmo, Adega púxose en contacto co concello de Lugo para frear esta situación, xa que consideran que de levarse a cabo esta tala, “haberá unha desertización” das marxes do río Miño ao seu paso polo municipio.

IGUAL QUE A MURALLA E A CATEDRAL
“Da mesma forma que temos unha muralla, unha catedral e todo iso catalogado, sería necesaria unha

ENTRIMO, EXEMPLAR

O concello ourensán de Entrimo recibiu 210.000 euros do programa Empleaverde da Fundación Biodiversidad. Esta entidade decidiu dar esta “recompensa” ao municipio –o único escollido en España entre os 49 solicitantes– polo seu “compromiso” co medio ambiente. O alcalde, Ramón Alonso, ten previsto empregar os cartos en formación e fomento do emprego no ámbito da xestión medioambiental e a creación de riqueza a partir dos seus recursos naturais. “É un día importante para todos os entrimeños, que ven recompensado o seu compromiso co medio ambiente”, destacaba onte o rexedor municipal deste lugar de Ourense.

catalogación de todo o patrimonio natural e mirar que zonas non se deberían tocar por ese valor natural”, afirmou o responsable de Adega.

Neste caso, as 2.000 árbores afectadas atópanse na conca do río Miño ao seu paso polo concello de Lugo e corren perigo de ser cortadas polas obras da autovía A-54 que une a cidade amurallada con Santiago de Compostela e a ampliación da Nacional VI.

Dende a asociación ecoloxista Adega piden que esta protección para



O río Miño ao seu paso por Lugo

IAGO VIANA

Adega alerta de que as marxes do río Miño poden quedar desertizadas coa tala

este tipo de exemplares se produza “para calquera planificación, sexa urbanística, de estradas ou tamén de particulares”. Luis Toirán tamén sinalou a necesidade de que haxa “ordenamento natural” e que se eviten “situacións como as actuais, onde as

RECICLAXE EN FISTERRA

A praia de Langosteira, en Fisterra, acolle unha xornada lúdico-informativa sobre a implantación da recollida selectiva de residuos nos areais. Esta iniciativa, encádrase nunha campaña da Consellería de Medio Ambiente para os bañistas sobre o lixo que se debe depositar en cada un dos colectores.

árbores desaparecen ou son substituídas por eucaliptos ou piñeiros”. Os exemplares afectados concéntranse en varios lugares do concello lucense, entre eles a parte baixa do Monte de Meda e a marxe esquerda do río Miño dende O Cordal de Ombreiro ata Orbazai, e que segundo a organización ecoloxista, representan un dos “espazos mellor conservados” do arborado tradicional de toda Galicia, xa que nestas áreas hai dende carballos a castiñeiros, alisos ou chopos. ■